

AGPI

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Centro Social Fontiñas (Santiago de Compostela), 24 de novembro de 2018

ACTAS

A asemblea dá comezo ás 10:45, coa asistencia de 18 socios.

- **Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da asemblea anterior**

A secretaria da asociación, María Álvarez Hortas, dá lectura á acta da asemblea de outubro de 2017, que queda aprobada por unanimidade.

- **Informe económico e aprobación, no seu caso, das contas de 2017**

A tesoureira da asociación, Aida Alonso Vázquez, dá lectura ao informe económico correspondente ao exercicio 2017, que é como se indica a continuación:

Ingresos: 32.966,24 euros

Deles, case 16.000 euros proceden das cotas de socio, e o resto, de subvencións concedidas de forma directa ou mediante facturación á institución correspondente: os 6000 euros do convenio coa Xunta de 2016, que se ingresaron a principios de 2017; 2000 euros [2420 euros con IVE incluído] pagados pola Xunta para facer fronte aos gastos do Día da Ilustración de 2017; 4.114,00 euros de adianto do convenio coa Xunta de 2017, e 4.917,97 euros [5.950,74 euros con IVE incluído] de subvención do Concello da Coruña polo programa Graphic Jam, organizado en colaboración co Colectivo Miñoco, que aínda que non se cobraron ata 2018 si figuran na contabilidade ao estar emitida unha factura por esa cantidade. O feito de que se xuntasen a efectos contables o diñeiro do convenio correspondente a 2016 e unha subvención extraordinaria como foi a do Graphic Jam fixo que a chamada «cifra de negocio» desde ano fose bastante maior do habitual.

Gastos: 29.787,44 euros

*Os gastos, debido ao Graphic Jam, foron tamén maiores que outras veces. Deles, 9.475,41 euros son de servizos profesionais (secretaría técnica, charlas e colaboracións actividades como o Día da Ilustración, o Graphic Jam ou o Encontro etc.), 5.515,08 euros están relacionados co aluguer da sede, 10.763,86 euros son doutros servizos (que abranguen moi diversos gastos, pero este ano especialmente os de deseño e posta en marcha da nova web da asociación), e 515,03 euros de gastos bancarios (principalmente transferencias e gastos derivados das domiciliacións). Todo isto dá o resultado dun **balance positivo** de 3.178,80 euros na conta de perdas e ganancias do ano. O **balance de situación** (en termos contables, o “total de patrimonio neto e pasivo”) é, non obstante, negativo, de -1.051,78 euros, porque, ao tratarse dun balance de tipo histórico contabiliza tamén varios anos de perdas desde o punto de vista contable (máis gastos que ingresos, aínda que, como xa se ten*

comentado, iso non implicou nunca débedas por parte da asociación, que sempre tivo diñeiro suficiente na conta).

Se analizamos a conta bancaria, comezouse o ano con 791,03 euros (á espera do pago de dúas subvencións), e acabouse con 1.940,61 euros. As cifras vistas así poden resultar enganosas, porque o saldo medio da conta no ano foi de 6.800 euros, e a mediados de xullo contaba con 9.500 euros. A concentración de actividade no último terzo do ano moitas veces está dando pequenos problemas de liquidez, que se procuran solucionar pedindo os adiantos previstos polas institucións sempre que é posible.

Esta é a razón de que a subvención de 2.210,00 euros concedida inicialmente pola Deputación da Coruña en 2017 non puidese chegar a facerse efectiva; a asociación non contou, precisamente por eses problemas de liquidez, con diñeiro para poder facer a compra do material que se solicitara antes de finalizar o ano, e por tanto non puido xustificar ese gasto ante a institución (estas subvencións só se entregan a posteriori, unha vez efectuado o gasto).

Despois da lectura procédese á súa votación para aprobación. As contas quedan aprobadas por unanimidade.

• **Previsións de tesourería para o ano en curso**

A tesoureira da asociación, Aida Alonso Vázquez, dá lectura ao informe de previsións de tesourería:

A conta bancaria da asociación está nestes momentos en 3.323,05 euros, cos gastos importantes do ano xa efectuados e á espera do pago por parte da Xunta da segunda parte do pago do convenio (3000 euros) (a xustificación de gastos xa está enviada, e se non hai ningún problema debería facerse o pago antes de fin de ano). Estase pendente de concretar coa Xunta de Galicia o importe polo convenio para 2019.

• **Repaso das actividades desenvolvidas no exercicio 2017-2018**

A Continuación, faise un repaso das principais actividades desenvolvidas.

- Día da Ilustración 2017 e 2018
- Encontro Galego de Ilustración 2017 e 2018
- Participación no Consello Asesor do Libro de Galicia (Xunta de Galicia): en representación da AGPI está acudindo ás reunións Fran Bueno. Actividades: deseño dun Plan Galego de Dinamización da Lectura, completar con máis efemérides o Calendario do Libro e a Lectura; **apúntase que sería bo que algunhas destas actividades, cando se buscan ideas, se comente aos socios a través do grupo de correo.**
- Feiras internacionais: infórmase da situación actual nas feiras, da súa problemática e das intencións por parte da Xunta (novas feiras, bolsas para ilustradores); **coméntase o interese trasladado á Xunta de propor unha rotación das feiras, quizá mantendo algunha grande como Boloña ou Londres.**
- Colaboración de AGPI e FADIP coa iniciativa Creative Fair Play (difusión da web, creación da versión en castelán da web creativefairplay.org)
- Colaboración coa campaña Galicia Le da Xunta de Galicia: proposta de ilustrador para cartel.
- Colaboración coa campaña Price It Right, promovida polo EIF: creación da web local, busca de testemuños, enquisa.

- Proposta de ilustradores para formar parte do xurado do Premio Nacional de Ilustración en representación da AGPI: todos os anos pídesenos un ilustrador e unha ilustradora. Este ano, a escollida finalmente polo Ministerio foi Patricia Castelao.
- Participación no Viñetas desde o Atlántico cun stand na feira de cómic («Rúa da BD»), que incluíu venda ao público de material da asociación e dos socios.
- Participación na Feira do Libro de Guadalajara: selección de ilustrador.
- Proposta da Xunta de colaborar nun programa europeo (Nortear) cun intercambio de ilustradores de Galicia e Portugal: cuestiónase se interesa un evento así, con tres ilustradores galegos e tres portugueses, que parece unha propostas pobre e pouco interesante. **Valorouse tamén incluír unha mesa no programa do Encontro.** Coméntase a posibilidade de ver se unha iniciativa así podería ser acollida polo Eixo Atlántico.
- Participación nas Xornadas profesionais de ilustración organizadas polo Salón do Libro de Pontevedra, dentro do marco do evento.
- Proposta (a través da Mesa do Libro) da Asociación de Tradutores para colaborar: de momento non houbo ningún avance concreto.
- Proposta da Asociación de Guionistas para colaborar nunha charla: a colaboración era económica e a charla estaba xa organizada, e finalmente desbotouse a posibilidade nesta ocasión.
- Consulta sobre as bases dun certame literario e de artes plásticas do Concello de Ribadeo: a pesar de enviar as recomendacións solicitadas, criticouse que a AGPI non emitise un ditame vinculante, cousa que non entra nas posibilidades da asociación.

• **Proposta de actividades e actuacións para 2018-2019**

- Decálogo de boas prácticas orientado a clientes
Como primeiro paso nunha política máis decidida a actuar neste terreo por parte da asociación, acórdase **estruturar un texto base para traballar no proxecto e crear un documento inicial que se poida utilizar desde xa, especialmente a empresas.** A partir de aí pode estudarse unha fórmula para conformar un equipo con especialistas para analizar propostas de cambio a institucións públicas, acordes coa lexislación actual e coas posibilidades reais das administracións.
Como outras posibles ideas, barállase na asemblea a de organizar un encontro de empresarios e ilustradores (tomando como idea unha experiencia Manel Cráneo en Portugal); a posibilidade de contratar un comunicador para facer presentacións rápidas en eventos de empresarios sobre o valor da ilustración e das boas prácticas e os seus beneficios para as empresas. Ponse como bo exemplo de acción a desenvolvida pola Fundación Artesanía (ceramistas e restaurantes).
- Encontro de Ilustración
Tras analizar os resultados do Encontro de 2018, e algunhas propostas de que o Encontro varíe de localización e sexa itinerante por localidades galegas, e/ou que pase a ser bienal para que sexa máis fácil de manter economicamente, finalmente **acórdase que o Encontro se siga a desenvolver de forma anual e en Santiago de Compostela.** Proponse tamén chegar a acordos de colaboración coa organización do MiiC (Mostra Internacional de Ilustración Contemporánea).
- Fomento das bolsas para a creación desde as institucións
Proponse tratar con distintas administracións (Xunta, deputacións) a creación de bolsas de creación (non subvencións, é dicir, que impliquen xustificar gastos). AGPI debería participar na redacción das condicións. Ponse o Alhóndiga Bilbao de cómic como exemplo a estudar. De paso, reclámase que desde a AGPI **se solicite a reformulación das bases do Premio Castelao de BD da Deputación da Coruña,** para que o premio sexa a unha obra en realización e non a unha obra realizada; a AGPI xa ten reclamado por escrito ao respecto en varias ocasións, pero acórdase facelo unha vez máis.
- Proxecto dunha bolsa para a facultades de Dereito

A idea sería que a Xunta financiase unha bolsa nalgunha das facultades de Dereito para a formación de especialistas en dereito de autor. É unha proposta lanzada á Xunta en diferentes reunións; debido á súa complexidade, debería estudarse a petición conxunta con outras entidades interesadas.

- Lograr unha AGPI sectorial (BD, Muralismo, Audiovisual etc.)

Trataríase de pensar na AGPI como unha asociación estruturada por sectores para que os ilustradores de calquera ámbito se sintan representados. Como ideas para ese propósito coméntanse:

- Iniciar unha campaña de integración de colectivos dentro da AGPI (p. ex. Desordes Creativas)
- Contactar directamente con socios para proporlles grupos de traballos sectoriais.
- Contactar con ex-socios para que se volvan asociar.
- Facer unha campaña de captación de socios (tanto noveis como experimentados)
- Facer reunións informais para socios e non socios, fomentando a unidade (como as Barricadas de APIM)
- Crear documentos ou organizar eventos relacionados con diferentes campos da ilustración (como fixeron en APIM co seu Decálogo de animación)

• **Presentación de candidaturas para substitución de vogais na xunta directiva**

Aida Alonso, como anunciara, deixa a directiva e por tanto o posto de tesoureira. Alberto Guitián deixa tamén a directiva (en principio, de forma temporal, durante uns meses, e anuncia que non poderá facerse cargo do Día da Ilustración como nas edicións anteriores). Bea Lema e Manel Craneo preséntanse como novos vogais da directiva. Minia Regos preséntase como nova tesoureira. Xan Carpenente deixa o posto de webmaster e tómao Uxío Broullón. Por unanimidade, acéptanse todos os cambios na directiva.

• **Rogos e preguntas**

- Minia Regos e Laura Cortés comentan que podería ser interesante facer máis reunións ao ano, por cidades ou sectoriais, máis aló da asemblea xeral.
- Laura Cortés comenta a existencia de SECOT (www.secot.org), asociación sen ánimo de lucro de profesionais xubilados que poñen a súa experiencia ao servizo de quen o precise; teñen sedes en todas as provincias e concertan cita coa persoa ou persoas máis especializadas. Dan cursos de técnicas de venda.
- Laura Cortés comenta tamén o interese de organizar cursos de inglés para negociación; existen academias con descontos para grupos, como por exemplo os que imparte Cambridge School en Santiago. Leandro Barea comenta que a súa parella é nativa americana, coñece a profesión e podería dar cursos deste tipo se a asociación o considera. Fálase tamén da posibilidade de organizar un curso de negociación e venda con actores especializados.

Ás 13:12 dáse por concluída asemblea ordinaria.

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Centro Social Fontiñas (Santiago de Compostela), 24 de novembro de 2018

ACTAS

Ás 13:15 comeza a asemblea extraordinaria da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, coa presenza de 17 socios. O único punto da orde do día é:

• Posible problema de competencia desleal dun socio mediante o uso de información vertida no grupo de correo da asociación: o caso das ilustración para o CDG. Posibles medidas para este e futuros casos.

A directiva expón o caso para quen non o coñeza: o Centro Dramático Galego convidou varios socios da AGPI a participar nun concurso para a elaboración de diversas ilustracións; mediante o grupo de correo da AGPI, moitos dos ilustradores convocados comentaron a que consideraban moi escasa dotación económica do concurso, e mostráronse favorables a participar propondo o prezo máximo para que as condicións fosen o menos malas posibles. O resultado do concurso deu como gañadora unha ilustradora socia da AGPI que presentara un prezo máis baixo (o que imposibilitou a escolla entre os demais, xa que no concurso primaba o prezo ofertado). Isto provocou bastante indignación entre os outros participantes, e a directiva da AGPI púxose finalmente en contacto coa socia en cuestión para comentarlle o malestar xurdido, ante o que ela asegurou que non recibira as mensaxes do grupo de correo, e que descoñecía completamente a existencia desas conversas previas e obrou sen ningún tipo de mala fe ofrecendo un prezo que considerou xusto. A directiva pediulle á socia que enviase unha mensaxe aclaratoria ao grupo de correo, e sopesou a necesidade de tomar algunha medida disciplinaria, por posible competencia desleal polo emprego de información privilexiada tomada do grupo de correo da AGPI. Unha posible medida sería a expulsión temporal da asociación, pero tal medida, en todo caso, debe ser apoiada por unha asemblea extraordinaria, e por esa razón expónse aquí.

Efectúase a votación, e **por unanimidade decídese non tomar medidas disciplinarias neste caso.**

Decídese enviar unha circular, en clave positiva, para informar e concienciar aos socios desta situación.

Ademais, tómase a decisión de tomar diversas medidas preventivas e de concienciación:

- **Redactar un código ético, que constituiría un anexo aos estatutos como regulamento interno.**
- **Actualizar ao respecto o «Manual de benvida»**
- **Efectuar de forma periódica campañas internas/externas de boas prácticas (Guía ninja, código ético etc.)**

Tras abrir unha nova quenda de rogos e preguntas, e ante a ausenta destes, ponse fin á asemblea ás 13:50.

A secretaria,

O presidente

María Álvarez Hortas

Sergio Covelo Moreira